

## Xornadas

### XORNADAS SOBRE A CONSERVACION DO LOBO

O grupo Erva de Vigo organizou as Xornadas sobre a Conservación do Lobo, que se celebraron do 4 ao 9 de maio na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Nas mesmas colaboraron ademais da Universidade, a Delegación de alumnos da Facultade de Bioloxía e o Colexio Oficial de Biólogos. Os organizadores afirman que o lobo ibérico atravesa un momento delicado despois de ter convivido e evolucionado coa xente durante milénios. Ao longo das xornadas abordaron-se temas como a situación actual do lobo na Galiza e en Europa, a ecoloxía do lobo no mundo e as peculiaridades ecolóxicas e xenéticas na Europa, a incidencia das infraestruturas de comunicación sobre a conservación do lobo, e diversas cuestións sobre a xestión e manexo das poboacións de lobo ibérico, entre outros.

Para mais información: Erva, Apdo. 317, 36280-Vigo.



### CURSO DE ORNITOLOXIA

O grupo de ADEGA-LUGO organizou o curso de introdución á identificación e á ecoloxía da avifauna de Galiza, que tivo lugar do 15 ao 24 de abril en Lugo, e despertou un grande interese. Achegar este fascinante mundo á curiosidade de estudantes, profesores e público en xeral, sen pasar por alto as moitas ameazas de todo tipo que pesan sobre as aves e os seus hábitats, foi o seu obxectivo.

### ASEMBLEA XERAL DA FEG

No marco da XIV Asemblea Xeral da Federación Ecoloxista Galega (FEG) celebraron-se tamén as I Xornadas Galegas de Ecoloxía e Meio Ambiente, organizadas en A Coruña e Oleiros pola delegación local de ADEGA (26-29 de marzo). As xornadas constituíron unha novidade en relación a anteriores asembleas da FEG, e permitiron abordar dous temas da máxima actualidade: a xestión do lixo, e a política de conservación. Para iso contou-se coa presenza de destacados investigadores, así como cos dous directores xerais en materia da recen criada Consellería de Meio Ambiente. O déficit de materia orgánica (compost...) nas nosas terras, o problema dos residuos tóxicos, ou o contido dos planos comarcais de xestión do lixo como alternativa ao plano SOGAMA ficaron postos de manifesto, así como a necesidade de protexer a flora e fauna galega e conservar os ríos e os bosques autóctonos, necesidade á que a política da Xunta non respondeu satisfactoriamente até o de hoxe.

Por outro lado, a Asemblea da FEG debateu tanto a situación ambiental e o traballo realizado pola mesma no último ano, como as propostas para o futuro inmediato. Así mesmo, elixíron-se os membros da Comisión Permanente e o Coordinador Xeral, que continua a ser Xosé Veiras.

## A ferverza do toxa, escenario de trial

Os días 28 e 29 de Marzo deste ano celebrouse no espazo natural denominado "Ferverza do Toxa" unha proba do Campionato de Mundo de Trial. Antes da primeira vez de que a zona fose utilizada para probas de trial ADEGA enviara escritos ó Concello de Silleda e á Comisión Provincial de Medio Ambiente da provincia de Pontevedra recordándolles os valores naturais do enclave e rogándolles que o desestimaran para este tipo de probas. Nin caso. Esta vez ADEGA estivo alí, e puido comprobar in vivo o deterioro que significa: utilización do cauce do río para as motos, talado de árbores de ribeira, erosión nas ladeiras e nas propias beiras do río pola circulación das motos (e mesmo da xente que acudía a presencial), ruído, ... O espazo, recoñecido fráxil e a protexer pola propia Administración, ven sufrindo un deterioro continuado pola apertura de novos accesos, avance do eucalipto, funcionamento dunha minicentral, ... Que se permita e/ou se promocióne para probas de trial é acelerar a súa morte definitiva como espazo natural de interese, que ten entre os seus valores un notable atractivo paisaxístico -a ferverza pasa por ser a meirande de Galicia-, e un bosque de galería particularmente rico en diversidade (sobreiras, acivros, érvedos, ...), a parte de ser lugar de cría do escaso falcón peregrino, especie protexida polo Convenio de Berna e pola Lei 4/89 do Estado. E os arredores, tamén utilizados para o trial, inclúen o mosteiro de Carboeiro, coa ponte e calzada romanas, etc. ¿Onde está a sensibilidade da Administración para co patrimonio natural e histórico?

